

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Metodolóxicamente prímase o diálogo e o debate como ferramentas, coas taboas de indicadores (con rúbricas de coavalición entre pares) como formato fundamental de avaliación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.

Os grupos seleccionados de 3º ESO, están compostos por 24 (3º A) e 19 (3º B) alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos.

Todos estos aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconeñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e codependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes éticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimientos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demás e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	.Quen son eu? E quen es ti?	Adentrámonos en aquello que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	10	4	X		
2	Que me leva a actua como actúo?	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	24	10	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Analise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática	17	6		X	
4	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	17	6		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	16	5			X
6	R-evolución-ate	Que podes facer tu para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	16	4			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	.Quen son eu? E quen es ti?	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e deseños con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, deseños cara nós mesmas e as demais persoas	PE	60

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características específicamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Que me leva a actua como actúo?	10

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demás, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.	PE	60
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demás persoas, identificando, analizando e expresando de maneira assertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demás en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> </ul>

## Contidos

- O obxecto da ética.
- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.
- Análise das accións.
- Os motivos da acción: desexos e razóns.
- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e derecho.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e derecho.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o derecho á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Vivir en sociedad. Vivir en democracia	6

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.	PE	60
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredos das cuestións ética de actualidade.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de governo.</li> </ul>

## Contidos

- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Os dereitos humanos	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.	PE	60
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo más xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo más xusto e pacífico.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser ciudadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O derecho internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Desigualdade nun mundo global	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos más graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias más graves dos problemas ecosociais.	PE	60
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira assertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demás en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestiós éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións das compañeiros e compañeiras á hora de enriquecer as súas intervencións.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	R-evolución-ate	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emergencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realiza un traballo escrito sobre as diferentes formulación científicas políticas e éticas que afrontan a emergencia climática.	PE	60
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Plantexar e realizar alo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamiento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolólica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestiós a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacóns directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigación, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacóns sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, exposicións interactivas, etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

Ao inicio de cada avaliación traballarase sobre os instrumentos de avaliação e a súa ponderación. Os obxectivos de cada unidade serán explícitamente presentados. Cada UD comezará cunha introducción para activar os coñecementos previos e terminará cun resumo ou síntese final que enlazará coa seguinte UD.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de probas escritas, traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestiós pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento, por iso o xeito máis pertinente de avaliar será coa taboa de indicadores que constará de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva.

- Rúbrica participación e implicación
- Rúbrica traballo escrito individual
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral

Contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula co ordenador EDIXGAL, clases expositivas

empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia realizado polo profesorado da materia
Manual de Rodeira, elaborado para EDIXGAL.
Caderno persoal
Aula virtual EDIXGAL da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cadas sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenar conectado a internet e a pizarra con proxector e son. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo, por iso os libros de lectura ou de consulta xunto coas elaboracións propias que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Á hora de desenvolver o traballo da aula, será o libro de Rodeira e o material propio elaborado polo profesorado da materia a base fundamental. Sobre ela o alumnado realizará as tarefas, traballos, e actividades que terán como base o caderno persoal, no que se recollerán todas as actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais á materia. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

## 5.1. Procedemento para a avaliação inicial

Nas primeiras semanas de clase levarase a cabo unha proba inicial. Consistirá nunha proba escrita na que o alumnado deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección. Esta proba estará baseada en competencias e contidos básicos, o seu obxectivo é facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

Nestas primeiras semanas o profesorado observará tamén o nivel de destrezas do alumnado no uso das TICs.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>24</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

### Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación teranse en conta dúas porcentaxes:

1. As probas escritas, calquera que sexa o seu formato, suporán o 60 % da cualificación global (cualificaranse sobre 10 puntos).
  2. As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, o traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, os comentarios de texto..., así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia, suporá un 40% da cualificación global.
- As actividades voluntarias (lecturas e traballos proposos na Aula Virtual EDIXGAL) servirán para redondear/subir a nota.

Á nota de cada avaliación aplicaránse as seguintes regras de redondeo:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6, redondéanse ao 5).
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3, redondéanse ao 4).

O alumnado que durante a realización das probas escritas, utilice métodos fraudulentos, será cualificado na mesma cun 0.

### Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperación en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar con novas indicacións aqueles traballos que non acaden un mínimo dun 5.

Con respecto á recuperación final o alumnado terá que:

- Realizar unha proba escrita, se neste apartado a media contemplada das 3 avaliacións non acada o 5. Esta parte suporá o 60 % da cualificación final.
- Un prazo de entrega para completar retrasos nas tarefas, así como modificación dalgunhas non superadas, se neste apartado a media contemplada das 3 avaliacións non acada o 5. Esta parte suporá un 40% da cualificación final.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo as directrices do departamento co coñecemento da titora ou tutor. Deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles. Esta proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando

as probas escritas e os traballos entregados por trimestre.

- Para o alumnado que se atopa en 4º da ESO, coa materia "Educación en valores cívicos e éticos" pendente, proporáselle a realización dun boletín de actividades de forma trimestral para superar a materia. No caso de que non se entregasen estas actividades, poderase optar a unha proba escrita.

- Para o alumnado que se atopa en 3º da ESO cursando a materia "Educación en valores cívicos e éticos" e que ten pendente a materia "Valores éticos" de 2º da ESO (pertencente ó antigo plan de estudos LOMCE), proporáselle a recuperación da materia pendente mediante a superación cun resultado positivo (5 ou máis) da actual materia de 3º da ESO. No caso de non aprobar esta materia na avaliación ordinaria final, o alumnado podería optar á realización dunha proba escrita.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporánse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual EDIXGAL, ou en calquera outro tipo de soporte. Proporánse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección individual unha batería de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espíritu crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do currículum.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contempla.	Non se contempla.			

### Observacións:

Debido á moi escasa dispoñibilidade horaria desta materia e e ao carácter motivador e variado das actividades propostas, non contemplamos a realización de actividades complementarias.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliação continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliação final
10. Adecuación do desenvolvemento dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

**Descripción:**

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento a través da aplicación Proens. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora.
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

**9. Outros apartados**